

PROGRAMACIÓN
RELIXIÓN CATÓLICA
EDUCACIÓN PRIMARIA

CEIP BARRANTES
CURSO 2020-2021

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.
2. CONTEXTUALIZACIÓN.
3. RELACIÓN COS ELEMENTOS DO CURRÍCULO.
 - 3.1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.
 - 3.2. OBXECTIVOS PARA O CURSO.
 - 3.3. RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS (INTERDISCIPLINARIEDADE).
 - 3.4. EDUCACIÓN EN VALORES-TEMAS TRANSVERSAIS.
 - 3.5. PLANS: FOMENTO DA LECTURA, EMPREGO DAS TICS, PLAN DE CONVIVENCIA, PROXECTO LINGÜÍSTICO E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
4. TEMPORALIZACIÓN .
5. ACTIVIDADES.
6. METODOLOXÍA.
7. AVALIACIÓN (PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS). MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROPIAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
10. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE EDUCACIÓN PRIMARIA.
11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
12. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.

Segundo a disposición adicional segunda do Decreto 105/2015 do 4 de setembro sobre a relixión:

1. A súa área incluíranse na Educación Primaria de acordo co establecido neste decreto.
2. A Consellería con competencias en materia de educación garantirá que, ao comezo do curso, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal poidan manifestar a súa vontade de que o alumnado reciba ou non ensinanza de relixión.
3. A determinación do currículo da ensinanza de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas (actualizado en 2015, segundo Resolución 11 de febreiro de 2015- BOE 24 de febreiro).

A ensinanza de relixión católica é unha síntese básica e global da mensaxe cristiá asentada en catro dimensións: cultural e histórica (incidencia da relixión no patrimonio cultural, histórico e antropológico, así como o froito na arte, na significación moral, nas creacións populares e na acción social), humanizadora (manifestación de ideas, valores, crenzas), ético-moral (formas de ver a vida, concepto de home, ideas, principios, solidariedade, caridade...) e epistemolóxica (ciencias da relixión e a teoloxía: Deus, Xesús, a Igrexa, os sacramentos..., fundamentación e metodoloxía propia).

A formación relixiosa e moral católica pretende contribuír a este fin, desenvolvendo a capacidade transcendente do alumno/a, facilitándolle unha proposta de sentido á súa vida e fomentando valores que fagan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Para logralo recoñécese a necesidade de actuar con plans elaborados que supoñen definir o traballo, evitando improvisacións e perdas de tempo que permitirán ofrecer seguridade, variedade, orde, eficiencia e mellora á práctica docente (maior calidade educativa).

Para os cursos de Educación Primaria este ano teremos en conta a LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa), e o Decreto 105/2014 do 4 de setembro que establece o currículo de educación primaria en Galicia (DOG do 9 de setembro) que regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e as competencias clave nas diferentes áreas.

Os principios básicos nos que se baseará a presente programación serán: adecuación (será adecuada ao alumno/a e ao contexto que o rodea), utilidade (adaptarase ás necesidades e demandas do alumnado), flexibilidade (revisarase e cambiarase en función do

acontecido), sistematicidade (terá coherencia interna, respectando as finalidades educativas), continuidade (continua no tempo para manter a coherencia) e innovación (experiencias...).

No presente curso escolar, a situación da pandemia do COVID-19, obriga a establecer medidas excepcionais de carácter educativo que permitan adaptar esta programación do curso 2020/2021 ás necesidades educativas concretas do alumnado e a consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados as aprendizaxes imprescindibles, que a situación excepcional do curso 2019/2020 lles dificultou adquirir.

2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O centro escolar onde se vai aplicar a presente programación é un centro público. O CEIP Barrantes está ubicado nunha zona rural no suroeste da provincia de Pontevedra (Baixo Miño). O accidente xeográfico máis destacado da zona é o río Miño.

Está tipificado como de liña 1 tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria, cun total de 9 unidades.

Este curso o centro conta cun total de 16 mestres, ademais dos titores/as, dispón de mestras especialistas en Música, Inglés, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Relixión Católica e Educación Física, ademais conta cunha orientadora. A especialista de AL e a de Relixión son compartidas con outro centro.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 1º (4), 2º (5), 3º(6), 4º(5), 5º(8) e 6º(7).

A análise do contexto, descrito no Proxecto Educativo de Centro, indica que o nivel socio-económico-cultural do alumnado é medio. Os pais/nais adícanse, principalmente, ao sector primario.

En canto á situación sociolingüística, a lingua materna da maioría das familias é o galego, aínda que destaca, tamén, o dominio xeneralizado do castelán.

→ Instalacións e recursos

O centro consta dun edificio principal con dúas plantas. Na planta baixa atópanse a biblioteca, a aula de 6º de Primaria, secretaría, dirección e a sala do profesorado. Na 2ª planta atópanse as restantes aulas de Educación Primaria, ademais da aula de Música, a de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Orientación e Xefatura de Estudos.

O edificio de Infantil está separado do edificio de Primaria.

Ademais está o edificio da graduada que este curso se adica para actividades extraescolares e diversos obradoiros dos diferentes cursos.

O centro cumpre as normas e medidas de seguridade oportunas para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe segundo o regulado no RD 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros educativos.

Entre o material didáctico a disposición da área de relixión católica están a biblioteca e a aula de informática que permitirán traballar sobre material impreso (libros, recortes de prensa...), audiovisual (vídeos, DVD`s, CD`s...) e informático (Internet, datos, xogos...).

→ Xornada escolar

A xornada escolar é continua e o horario é de 9:05 da mañá a 14:05 da tarde cun recreo de 30 minutos como queda establecido segundo a Orde do 22 de xullo do 97.

3. RELACIÓN COS ELEMENTOS DO CURRÍCULO.

3.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

En liña coa recomendación 2006/962/EC, do Parlamento e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, neste decreto incorpórase a clasificación e denominación das definidas pola Unión Europea.

Considérase que «as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego».

Segundo o artigo 5 do Decreto 105/2015, competencias clave serán as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Acadar o dominio das sete competencias clave supón adquirir a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. Deberán capacitar ao alumnado, ao finalizar a ensinanza obrigatoria, para a súa realización persoal, o exercicio da cidadanía activa, a incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria e o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A área de relixión católica, ao longo da Educación Primaria, colaborará do seguinte xeito, tendo en conta os cambios:

- **Competencia en comunicación lingüística:** a relixión católica sérvese da linguaxe académica e da linguaxe da cultura relixiosa para exercitar a escoita da palabra de Deus, a exposición dos contidos e a aplicación á cultura e ás distintas formas de vida social. Caracterízanse distintos tipos de linguaxe: bíblica (rica en expresións e simboloxía), a doutrinal (conceptual e argumental) e a litúrxica (próxima aos símbolos cristiáns).
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** fomentárase o emprego do tempo e o espazo como referente na vida dos cristiáns. Aprenderase a situar o tempo respecto aos días festivos.
- **Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico:** mostrar respecto pola natureza e todo o que lles rodea como ben herdado de Deus que merece o coidado e a protección. O coñecemento e a interacción no mundo físico a través da doutrina social da Igrexa, iluminará as respostas e as solucións aos problemas que xurden na interacción do ser humano co medio físico.
- **Competencia dixital:** empregáranse estes recursos como ferramenta útil para a busca de material didáctico, para o visionado de vídeos...
- **Competencia social e cidadá:** contribúese á dimensión moral do alumnado, facéndolle coñecedor do seu propio ser e os seus comportamentos. Así melloráranse as relacións interpersoais baseadas en principios e valores que emanan da figura de Cristo e axuda a afrontar situacións de conflito mediante o diálogo, o perdón e a misericordia, valores cristiáns. Tamén xurde o valor da fraternidade universal, valores asociados de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso, amor, perdón...
- **Competencia cultural e artística:** esta competencia relacionase cos aspectos de coñecemento e valoración de toda expresión artística, plástica, histórica, lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de manifestación de feitos relixiosos. Procurárase motivar o aprecio pola propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.
- **Competencia para aprender a aprender:** fomentárase en todas as unidades didácticas, partindo dun traballo que promova o autoconhecimento dos feitos (relacionar informacións novas con coñecementos previos e coa propia experiencia persoal para abrirse á transcendencia), baseándose no construtivismo da aprendizaxe defendido por Ausubel. Do mesmo xeito, as actividades onde se teñan que buscar solucións ós problemas plantexados, adquirindo un sentimento de competencia

persoal que favoreza a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender (ilusionándose por ir descubriendo a mensaxe de Xesús).

- **Autonomía e iniciativa persoal:** procurarase a relixión como xeradora de valores e de integración social. Entrégase ao alumnado a ferramenta para crear actitudes e disposicións que lle possibiliten a inserción social (habilidades para o diálogo e a cooperación), así como un xuízo moral baseado nos principios, valores e actitudes do evanxeo (compartir, ser xeneroso, axudar e mostrar empatía).

3.2. Obxectivos para o curso.

De acordo co Currículo Oficial de Educación Primaria do Decreto 105/2014. A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

1. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
2. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
3. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
4. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
5. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
6. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás de Galicia.
7. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

8. Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
9. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
10. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
11. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a Educación Física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
12. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
13. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
14. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
15. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3.3. Relación con outras áreas (interdisciplinariedade).

A área de Relixión Católica relacionarase coas demais áreas vinculando as aprendizaxes das mesmas, favorecendo que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, cohesionadas. Unha verdadeira aprendizaxe significativa acádase a partir do concepto de relación con outras áreas e baixo a concepción global da realidade. Por iso, na medida do posible, colaborarase cos docentes doutras áreas para abordar os contidos de forma global.

Esta área pode vincularse coas demais da seguinte forma:

| | |
|--|--|
| Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural: Naturais e Sociais | Trátase o coñecemento e coidado do medio natural, mostra do regalo de Deus. Promóvense as relacións sociais en ambientes cordiais e con resolución pacífica de conflitos. Interesa o respecto e valoración do medio cultural e o entorno próximo ao alumno/a como elementos distintivos da súa comunidade. |
| Área de Educación Artística | Con respecto á Música, as cancións serven como manifestación cultural das crenzas propias dos católicos. En canto á Plástica, a construción de material, figuras, elementos simbólicos propios do cristianismo servirán de mostras artísticas dos cristiáns. |
| Área das Linguas | Está presente nas interaccións comunicativas levadas a cabo na clase (transmisión de informacións, emocións, preguntas, tomas de decisións, valoracións), no emprego de vocabulario específico da área, nas imitacións, nas dramatizacións. A comunicación escrita estará presente nalgúns xogos. |
| Área de Matemáticas | A ubicación do espazo e o tempo con respecto a Deus e Xesús serán o inicio do dominio destas destrezas. |

3.4. Educación en valores -Temas Transversais.

Segundo o Artigo 11 do Decreto 105/2015 do 4 de setembro denomínanse elementos transversais, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional e traballarase en todas as disciplinas.

Son aqueles contidos de carácter funcional e social necesarios para formar ao alumnado en principios humanos e sociais, de gran importancia para unha futura inserción na vida social adulta. Fan referencia a conflitos e problemas que afectan actualmente á natureza,

á humanidade e ao propio individuo (contaminación ambiental, drogas, guerras, discriminacións...).

Serán formulados de maneira global e interdisciplinar, partindo de experiencias directas, para promover o desenvolvemento integral do alumnado.

O xeito en que esta área colaborará no seu fomento será:

- **Educación moral e cívica:** traballos grupais que permitan analizar criticamente a realidade, adoptando posturas xustas, solidarias e que melloren a convivencia.
- **Educación para a paz:** a partir dos conflitos que poden presentarse nas actividades de cooperación-oposición trataremos a resolución a través do diálogo. Da mesma maneira fomentárase a comprensión, a reflexión, a solidariedade...
- **Igualdade de oportunidades entre sexos:** nos traballos e nas actividades non se fará ningunha distinción por razón de sexo, coidando moito evitar estereotipos sexistas.
- **Educación ambiental:** o contacto co entorno natural, a presenza de animais e humanos que precisan do medio para sobrevivir, propiciarán no alumnado o seu recoñecendo e coidado para poder conservalo e disfrutalo.
- **Educación para a saúde e a calidade de vida:** o coidado do corpo en todos os seus ámbitos: a hixiene, a alimentación como maneira de agradecer o agasallo de creación de Deus.
- **Educación para o tempo libre:** o xogo conxunto, libre, creativo, que non conleve condutas negativas, fará disfrutar ao alumnado do tempo de lecer de maneira san.
- **Educación para o consumidor:** desmitificar a carga consumista que teñen os artigos de consumo, e sobre todo algunhas marcas e personaxes públicos facéndoo posible co emprego de material alternativo e de refugallo.
- **Educación vial:** a través de exemplificacións de condutas viarias poderemos traballar valores de respecto, paciencia, tranquilidade...

Traballarase ao longo de todo o curso.

3.5. Plans (Fomento Lector, Plan Tics, Plan de Convivencia, Proxecto Lingüístico e Atención á Diversidade).

O Proxecto Lector e o Plan das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, novidades no currículo da LOE, xorden como complementos ao traballo da comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, en todas as áreas.

Desde a área de relixión católica, poñerase o gran de area influíndo sobre estes aspectos cando se busque información na biblioteca ou na Internet; facendo, así, uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. En colaboración coas demais áreas, a relixión

católica busca contribuír ao Plan de Convivencia desde o diálogo, a comprensión e o respecto ante a resolución de conflitos que se poidan presentar.

O Plan de Convivencia e o Proxecto Lingüístico será conxunto coas demais áreas, de acordo ao disposto no PXA.

Desde o área de Relixión Católica como medida para atender á diversidade propóñense unhas actividades complementarias que permiten aos mestres e mestras atender a demanda de aqueles grupos de alumnos/as que necesiten máis estímulo e desexen levar a cabo máis cantidade de actividades, diversificando desta maneira o tipo de actividades á marxe das fichas de traballo.

4. TEMPORALIZACIÓN.

A continuación preséntase un cadro no que se expoñen todos os niveis aos que vai destinada a programación, así como as sesións destinadas para cada un deles.

A planificación levarase a cabo baixo os principios da lóxica e a progresión:

| NIVEIS | 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|-----------------|--|---|---|
| 1º Nivel | 1. Admiramos o arredor. 2. Descubro o teu amor na Biblia. 3. De festa: O Nadal | 4. Practico as túas ensinanzas. 5. Alégrame falar contigo. 6. Semana Especial | 7. Vivo en familia. 8. Gozo das festas. 9. A igrexa, lugar especial. |
| 2º Nivel | 1. Queres que sexa feliz. 2. Regálame o teu amor. 3. Espero a túa chegada con alegría. | 4. Fálame na Biblia. 5. Formo parte da túa familia. 6. Xestos de amor: convivimos | 7. Descubro a túa gran familia. 8. María, mostra de amor. 9. Celebro as festas do calendario. |
| 3º Nivel | 1. Son feliz cos teus agasallos. 2. Deus e Israel. 3. Benvido, Xesús! | 4. Coñezo a vida de Xesús. 5. Grazas polo teu amor. 6. Sigo a Xesús. | 7. Descubro unha gran misión. 8. Gústame a túa amizade. 9. Ensíname a rezar. |
| 4º Nivel | 1. O pecado alónxame de ti. | 4. Ensíname a perdoar. | 7. Reconcíliome contigo. |

| | | | |
|-----------------|--|---|--|
| | 2. Descubro o teu perdón. 3. Celebro a túa gran promesa. | 5. Grazas pola túa axuda e amizade. 6. Alégame cumprir a túa vontade, | 8. Participo na túa celebración. 9. Un tempo para ser solidarios. |
| 5º Nivel | 1. Axúdasme a facer o ben. 2. Unha gran promesa. 3. As túas normas fanme feliz. | 4. Descubro a Biblia. 5. Alégame de atoparme contigo. 6. Os teus milagres acérganme a ti. | 7. Espero vivir con Deus no ceo. 8. Son membro de Igrexa. 9. Recordámoste na Eucaristía. |
| 6º Nivel | 1. Atópome con Deus. 2. Descubro as relixións do mundo. 3. Valores e ensinanzas de Deus na Biblia. | 5. Alégame comportarme ben. 6. Alégame comportarme ben. 7. Aprendo a ser misioneiro de Xesús. | 7. Alégame vivir en familia. 8. Servimos á Igrexa. 9. Xesús, grazas pola túa resurrección. |

5. ACTIVIDADES.

Moitas das actividades serán grupais para traballar as relacións cos iguais, valores, sentido da responsabilidade e cooperación.

Á hora de estruturar as actividades, tivéronse en conta os seguintes criterios:

- Están articuladas cos contidos, os obxectivos e metodoloxía.
- Son motivadoras e variadas.
- Utilizan recursos e métodos variados.
- A orde mantida é a seguinte:
 - De introdución-motivación. Para saber as ideas previas sobre o tema e para motivar.
 - De desenvolvemento. O alumnado ponse en contacto cos contidos.
 - De consolidación. Serían para afianzar e aplicar as aprendizaxes asimiladas.
 - De reforzo.
 - De ampliación.

- De avaliación.

6. METODOLOXÍA

Metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Segundo o artigo 4 do Decreto (105/2015).

➤ **Estilos de ensinanza.**

- **Asignación de tarefas:** O esquema da clase é igual que o anterior, pero neste caso, o alumno/a actúa, de acordo á súa propia vontade. Facíltanse as tarefas e non se obriga ao alumnado. Unha vez explicado o que hai que facer, o alumno/a é independente á hora de elixir, finalizar a tarefa, número de repeticións ou tempo a dedicar.
- **Ensino recíproco:** O alumno/a pasa a ser profesor/a. O docente decide as tarefas e exercicios que se van realizar e só debe de corrixir aos observadores (os alumnos/as que fan de docente).

Tomando como base o desenvolvemento en espiral e a globalización, empregaranse, preferentemente estilos de ensinanza que faciliten a participación do alumnado, que respecten a individualización da ensinanza, e sobre todo que favorezan a adquisición da aprendizaxe significativa.

A continuación dase unha breve información de cada un dos empregados na presente programación:

- **Mando directo:** O mestre/a leva o mando da sesión. Establece os obxectivos, orde, cantidade de execución-actividade, calidade... e observa as accións do alumnado. Está baseado no estímulo-resposta. O alumno/a responde a uns estímulos, que poden ser dados en varias canles (auditiva, visual, táctil). As súas características son a disciplina, as disposicións xeométricas e as respostas ao unísono.
- **Descubrimento guiado:** Proponse unha tarefa para que o alumno/a descubra. O profesor/a guía a consecución dos obxectivos. O mestre/a dará pistas, e pasará á seguinte cando a resposta anterior sexa correcta. Se hai varias respostas posibles, darase un indicio para que o alumnado se decida por unha.
- **Resolución de problemas:** É similar ao anterior, a diferenza fundamental é que non se encamiña a unha solución determinada, senón que existen varias e é válida calquera coa que o alumno/a dea resposta ao problema plantexado, igual que no estilo anterior: O grao de liberdade e participación individual é case completo. O alumno/a motívase

polo descubrimento de "novas" solucións. É un estilo motivador e facilita a adquisición de aprendizaxes significativas.

➤ **O xogo como recurso metodolóxico.**

O xogo, é considerado como un recurso metodolóxico moi indicado para conseguir os obxectivos propostos de forma lúdica e placenteira a calquera idade, pois aprenden sen decatarse, pero de forma significativa.

A súa utilización é moi aconsellable na Educación Primaria polas súas características: motivante, lúdico, educativo, libre, gratuíto, ficticio, evasivo, convencional...; ademais de que favorece unha aprendizaxe no alumnado adaptativa, creativa, coeducativa, espontánea, natural, significativa, integral e persoal.

➤ **Principios a ter en conta**

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno/a: debemos partir dos coñecementos do alumno/a, que dependerán do estado evolutivo así como das experiencias previas. Respetarase a capacidade de razoamento e a aprendizaxe do alumnado (constructivista).
- Reforzo positivo: para que se dea a aprendizaxe significativa débense relacionar os novos contidos cos que xa se posúen. Só será posible se se quere aprender e para iso deberá estar motivado. A motivación propiciará unha sensación de éxito e confianza mediante o coñecemento dos seus progresos e os eloxios por parte do mestre/a.
- Modificación de esquemas que xa posúen: partírase da realidade e os coñecementos do alumno/a (zona de desenvolvemento próximo) e levala máis alá, modificando os esquemas xa existentes (zona de desenvolvemento potencial).
- Progresión: Hai que seguir unha progresión de exercicios; é dicir, ir do doado ao difícil, do sinxelo ao complexo, paulatinamente.
- Intereses: Os exercicios formulados aos alumnos/as deben estar de acordo cos intereses e necesidades destes, para lograr unha aprendizaxe significativa.
- Transferencia: Cando se efectúa un novo coñecemento, éste debe basearse no patrón doutros coñecementos aprendidos anteriormente.

Ademais, seguiranse as seguintes pautas de actuación:

- Preparación das clases para evitar rutinas e improvisacións.
- Explicacións breves, claras e concretas desde lugares visibles.

- Clima de atención e motivación para o alumnado.
- De ser preciso, demostracións das actividades.
- Vocabulario axeitado ao nivel do alumnado.

7. AVALIACIÓN.

“A avaliación educativa é un proceso que permite a obtención de información, a súa interpretación, e a emisión de decisións en función do proceso de ensinanza-aprendizaxe”; segundo o artigo 12 do Decreto citado anteriormente no seu punto número 2.

“A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas”.

A avaliación na Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, será GLOBAL (tendo en conta o conxunto de capacidades expresadas nos obxectivos e nos criterios de avaliación), CONTINUA (formará parte do proceso educativo), FORMATIVA (orientándose á mellora dos procesos e os resultados) e INTEGRADORA (teranse en conta todos os aspectos que rodean ao proceso de ensino-aprendizaxe).

A avaliación da ensinanza da relixión realizarase de acordo co establecido neste artigo.

✓ Que avaliar.

Avaliarase o desenvolvemento e consecución das capacidades dos alumnos/as en base a uns criterios establecidos polo Currículo Oficial para a área de relixión católica, e en concreto para os diferentes niveis, adecuándoos ao grupo-clase.

Así mesmo, estableceranse uns estándares de aprendizaxe que especificarán os criterios de avaliación permitindo definir os resultados de aprendizaxe e concretando o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer nesta área .

Avaliaranse aspectos específicos de cada unidade didáctica, pero tamén aspectos actitudinais do alumnado: atención, responsabilidade, respecto, convivencia, aspectos de saúde e hixiene...moi importantes para o desenvolvemento e socialización do alumnado.

✓ Como avaliar.

Farase unha avaliación subxectiva empregando instrumentos de avaliación cualitativos, mediante técnicas de observación. Rexistrarase o que acontece nas sesións, de maneira continua e o máis sistemática posible. Empregaranse:

- Escalas de observación: (cada unidade didáctica inclúe a escala que se aplicará nela, indicándose o grado de desenvolvemento do alumnado en características buscadas).

Ademais, teranse en conta as seguintes observacións, imprescindibles durante todo o curso:

- Respecta aos compañeiros/as, ao mestre/a e o material de traballo.

- Presta atención ás explicacións e participa activamente.
- Cumpre e reconece a importancia das normas e hábitos hixiénicos.

Un aspecto a destacar neste Decreto é que os resultados da avaliación exprésanse como: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) e sobresaliente (SB).

A estes termos se lles adxuntará unha calificación numérica, sin empregar decimais, nunha escala do un ao dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 o 4.
- Suficiente: 5
- Ben: 6.
- Notable: 7 o 8.
- Sobresaliente: 9 o 10.

Para chegar ao resultado final de avaliación aplicaranse as seguintes porcentaxes nos cursos de 1º e 2º de Educación Primaria:

- 20% probas escritas e orais.
- 40% traballo na clase, presentación do traballo e coidado do material.
- 40% interese, participación actitudes e respecto polos demais.

Nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria as porcentaxes serán:

- 30% probas escritas e orais.
- 40% traballo na clase, presentación do traballo e coidado do material.
- 30% interese, participación, actitudes e respecto polos demais.

No caso de facer a docencia online, procederíase do seguinte xeito:

| Avaliación e cualificación | |
|-----------------------------------|---|
| Avaliación | Procedementos: Observación das tarefas enviadas a través das canles acordadas, atendendo ás posibilidades de cada quen (organizativas e materiais) e valorando positivamente a actitude e disposición. |
| | Instrumentos: - Empregaranse escalas de valoración en base ás tarefas enviadas polo alumnado, atendendo, sempre, ás características persoais. |
| Cualificación final | Para obter a cualificación final farase a media das cualificacións da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. Substituiríanse as porcentaxes adicadas ao traballo na clase e o interese pola calidade do traballo presentado en tempo e forma ademais do interese manifestado por entender e entregar traballo comprensible. |

✓ **Cando avaliar.**

Ao comezo de curso, farase unha avaliación inicial para ver o estado do alumnado respecto ás aprendizaxes a desenvolver. Empregaranse os pequenos debates, as chuvias de ideas, xogos de memoria...

- **Ao comezo da unidade didáctica:** para ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se atopan os alumnos/as respecto aos novos contidos a desenvolver. En todas as unidades didácticas do curso, a primeira sesión será de avaliación inicial, sesión que poderá condicionar o grado de complexidade das actividades das seguintes sesións.
- **Ao longo da unidade:** ser conscientes das incidencias presentadas: Se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é axustada, o enfoque metodolóxico apropiado, as actividades atractivas ou eficaces, así como o xeito en que os alumnos/ás responden ao traballo. Tamén chamada avaliación formativa porque se entende que os resultados serven para realizar os axustes e correccións necesarias.
- **Ao final da unidade didáctica,** é preciso que se comprobe o grao de aprendizaxe dos contidos por parte dos alumnos/as; isto coñécese como avaliación sumativa ou final.

Para o final do curso, tamén se realizará unha avaliación final que permitirá observar o grado de consecución dos obxectivos propostos. Farase, principalmente, a través de fichas-resumo e xogos.

✓ **Avaliación do docente e do proceso de ensino-aprendizaxe.**

Tamén se realizará a avaliación de nós mesmos/as e do proceso de ensino-aprendizaxe, baseándose non só nos resultados logrados polo alumnado, senón tamén, no grado de interacción con e entre o alumnado, a súa propia valoración do curso, etc. Cumprimentarase unha autoavaliación por parte da mestra.

Tamén se avaliará o proceso de ensinanza e da práctica docente, algúns dos aspectos aos que atenderá serán os seguintes:

- Organización e coordinación do equipo. Grao de definición. Distribución de responsabilidades.
- Planificación das tarefas. Dotación e distribución de medios e tempos. Selección do modo de elaboración.
- Participación. Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Proceso de integración no traballo. Relación e

implicación das familias. Relación entre os alumnos/as, e entre o alumando e o profesorado.

Por outra banda tamén se avaliarán as programacións de aula atendendo aos seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e da metodoloxía coas necesidades reais.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- ✓ Biblia, diccionario.
- ✓ CD-ROM de Recursos Didácticos.
- ✓ CD audio de cancións e melodías.
- ✓ DVD de temas tratados na aula tanto relixiosos como sobre os valores cos que se convive cada día.
- ✓ Actividades sacadas de internet para completar...
- ✓ O ordenador da aula para atopar información.
- ✓ Libros para lectura. (A Arca de Noé, Os Reis Magos...)

No caso de facerse preciso desenvolver a labor docente a distancia, tal e como se veu facendo durante o terceiro trimestre do curso anterior, a metodoloxía e material a empregar será o seguinte, sempre abertos ás novas posibilidades que se vaian abrindo froito das actividades de formación relacionadas coas tics.

| Metodoloxía e actividades (recuperación, repaso, reforzo e ampliación) | |
|---|--|
| Actividades | <ul style="list-style-type: none">- Actividades de repaso e ampliación a través de comentarios de texto, vídeos.- Enlaces a: “curtas” (relación contido relixión e valores asociados) e xogos- online.- Xogos / retos sobre cadros, parábolas, ensinanzas de Xesús.- Manualidades relacionadas coa Pascua, día da familia, co significado das “curtas”.- Máis xeral: contos en PDF ou videocontos. |
| Metodoloxía (alumnado con | <ul style="list-style-type: none">- Envío e recepción de tarefas a través do correo electrónico das titorías do centro. Tarefas que se publican na web do centro. |

| | |
|--|--|
| conectividad e sen conectividade) | - Comunicación a través do grupo de whatsapp de aula. |
| Materiais e recursos | - O ordenador (nalgúns casos, facilitado polo centro), tablets ou móbil. - Materiais do seu entorno. - Páxina web do centro. |

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Aínda que o alumnado ten a mesma idade cronolóxica e características psicoevolutivas comúns (atendendo ao mesmo nivel), “non hai dúas persoas iguais”, polo que procuraremos pois, axustarnos ás aptitudes, intereses e necesidades do alumnado, adaptando a forma de ensinar, a organización de espazos e recursos...; é dicir, individualizando a ensinanza.

Ante a aparición de calquera tipo de necesidade, e logo da avaliación psicopedagóxica (*Orde do 31 de outubro de 1996*), elaborada polo departamento de orientación, decidírase sobre a **medida de atención á diversidade** máis axeitada: **medidas de reforzo educativo** (modificando elementos non prescriptivos do currículo: secuenciación de obxetivos e contidos, metodoloxía e formas de avaliación) ou **adaptacións curriculares significativas** (modificando elementos prescriptivos: obxetivos, contidos e avaliación).

Neste centro, na etapa de EP, como posibles NEAE, destácase alumnado con certas dificultades de aprendizaxe, téndose en conta medidas de reforzo para axudalo a acadar os obxectivos propostos.

10. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

→ 1.º CURSO

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles (A INCORPORAR NO 20/21, DE DIFÍCIL ADQUISICIÓN NO 19/20)

1. Recoñecer a relación intrínseca que existe entre Deus e o home.
 - 1.1. Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.
2. Coñecer e ordenar os principais momentos da paixón e morte de Xesús.

2.1 Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da paixón, morte e resurrección de Xesús.

2. Distinguir os espazos e tempos sagrados doutros lugares e tempos.

2.1. Expresa e respecto ao templo como lugar sagrado.

3. Salientar os elementos distintivos do domingo como día especial.

3.1. Coñece e expresa o sentido do domingo.

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe avaliáveis |
|---|---|--|
| Bloque 1. O sentido relixioso do home | | |
